



Concello
da Estrada



PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO EQUIPAMENTO DO XIMNASIO DA PISCINA DA A.G.A.S.P., NO CONCELLO DA ESTRADA.

1.- OBXECTO

É obxecto do presente Prego o establecemento das estipulacións económico administrativas con arranxo ás cales ha de levarse a cabo a contratación do equipamento para o ximnasio da piscina da A.G.A.S.P. No Concello da Estrada (Pontevedra), cuxo orzamento de contrata e obxecto de licitación, é de 96.500 euros, incluído I.V.A. e outros impostos e taxas, incluíndo o seu transporte ata A Estrada e instalación do equipamento.

A subministración deberá axustarse ás condicións que se sinalan no Prego de Condicións Técnicas. De existir contradicións entre o Prego de Condicións Administrativas e Técnicas, prevelecerán as primeiras.

Naqueles supostos nas que as Condicións Técnicas fagan referencia a algunha marca, patente ou tipo en concreto, ou produción determinados, admitiranse produtos equivalentes.

Ademais da oferta total, presentaranse prezos unitarios de cada unha das partidas. Isto permitirá aplicar os devanditos prezos, no caso de que varíen o número de unidades respecto das expostas no presente concurso.

2.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación do contrato é única e exclusivamente a instalación de referencia

3.- CONDICIONANTES DO MANTEMENTO

Para o subministro e mantemento, o Adxudicatario deberá adaptar ditas labores de ao desenrolo das actividades realizadas polos usuarios que realizan os seus adestramentos nas instalacións obxecto do contrato.

4.- DESCRICIÓN DO SUBMINISTRO DO EQUIPAMENTO.

4.1.- Pavimento.

- Pavimento técnico para toda a superficie de chan, que impida o deslizamento do equipamento con absorción do sonido e das vibracións. Alto nivel de densidade para absorción de impactos e ruído. Presentase en losas de 50 cms x 50 cms, 75 cms x 75 cms ou 100 cms x 100 cms e 7mm de espesor cos catro lados puzzle para unha doada instalación que non require encolado o chan. Superficie impermeable antibacterias. Color a elexir. Con clasificación antiincendios segundo normativa; UNE.EN.13501-1:2002/BFL-s2. M2 según UNE 23.727.90 En caso de incendio está clasificado como auto-extintor. Non propaga a chama. Non é conductor da electricidade.

4.2.- Máquinas Cardiovasculares.



Concello
da Estrada



- Bicicleta indoor de spinning (4 uds.) + 1 unidade BIKEHIIT: bicicleta de ciclo indoor profesional, co sistema de freo magnético, estrutura de chasis ou cadro e pedalier en aceiro e freo de emerxencia. Monitor LCD no manillar central de triatlón, regulable en altura e horizontalmente e transmisión mediante correa en lugar de cadea. A unidade BIKEHIIT, permite realizar adestramentos HIIT(High Intensity Interval Training). Estes adestramentos axudan a queimar graxa e mellorar a resistencia do usuario de maneira máis rápida e eficaz que outros exercicios.
- Elíptica 1 (2 uds) + 1unidade CROSSHIIT: permite un movemento amplo e deportivo de zancada co que o usuario poderá gozar dun adestramento máis intenso e resistente. Sistema de resistencia magnético. Ademais, o seu sistema de guiado permite incrementar a velocidade de forma segura. Monitor LCD na consola central. A unidade CROSSHIIT, elíptica non convencional, permite realizar adestramentos HIIT(High Intensity Interval Training). Estes adestramentos axudan a queimar graxa e mellorar a resistencia do usuario de maneira máis rápida e eficaz que outros exercicios.
- Cinta de correr (4 uds.): cinta silenciosa, de fácil acceso e rápida utilización, con posibilidade de elevación. Sistema de amortiguación e chasis ultra reforzado que aseguran un exercicio cómodo e seguro. Monitor LCD na consola central. Estructura de acero y aluminio con superficie estable, sin necesidade de anclajes. Sistema de elevación de 0 a 16% como máximo. Motor de 5.0 CV de potencia. Rango de velocidade de 0-25 km/h.
- Remo sentado (2 uds.): poderase realizar un movemento controlado grazas á empuñadura xiratoria de 360°, que permiten desenvolver un movemento natural e adaptado ao movemento anatómico para os diferentes exercicios. Control total da mobilidade. Ademais, conta con dobre repousapés con revestimento antiescorregadizo para asegurar a fixación dos pés durante o exercicio.
- Step (1 ud): poderase modificar o nivel de resistencia. O seu sistema de transmisión será por correa asegurando un funcionamento silencioso e un movemento fluído, con pedales independentes.

4.3.- Máquinas de Musculación (de placas).

ABDOMINAIS

- Abdominais sentado (1 ud.): permite adaptar a carga ao nivel da persoa que o está realizando, axustar o apoio e a suxección. O dobre rodete acolchado en forma de V facilita o apoio e suxección dos ombreiros. Grazas ao seu apoio para pés a dobre altura, facilítase a adaptación da postura á altura de calquera usuario.
- Banco vertical de abdominais (1 ud): estrutura de aceiro anodizado interior e exterior, material acolchado hixiénico e ergonómico. Apoio de pes axustable individualmente. Altura axustable para diferentes posicións de adestramento e intensidades.

PECTORAL

- Contractor pectoral (1 ud.): ten a vantaxe de ter brazos independentes que ofrecen unha maior variedade de exercicios para traballar os brazos. Permite adquirir a forza suficiente para pasar a movementos máis complexos. Inclúe pedal de liberación de carga que facilita o inicio e finalización do exercicio e empuñaduras multiposición.



Concello
da Estrada



- Press de peito (1 ud): os manillares converxentes independentes da prensa crean un movemento de presión natural. As posicións de inicio regulables permiten cos usuarios controlen a amplitude do movemento dende o asento.

ESPALDA

- Lumbar (1 ud): permitirá o usuario recostarse hacia atrás e garantizará movementos cómodos e seguros a calquera nivel de forma física, proporcionando un apoio adecuado para pelvis, columna e cadeiras.
- Dobre polea axustable (1 ud): ofrece un adestramento variado e versátil. Posúe 31 alturas de adestramento diferentes en cada brazo, o que permite realizar múltiples exercicios diferentes de traballo con poleas e cable. Ideal para sesións de adestramento persoal. Inclúe accesorios (barra, triángulo, agarre corto, tríceps, individual, ...)
- Remo sentado (1 ud): para traballar os músculos dorsais, deltoides, bíceps e tríceps, proporcionan un movemento independente e sincronizado máis natural. A súa biomecánica facilita o desenvolvemento da musculatura simulando un movemento máis semellante ao da articulación humana.

PERNA

- Prensa de pernas (1 ud): permite adestrar glúteos, isquiotibiais e cuádriceps. Ademais é facilmente adaptable a cada tipo de usuario. É moi cómoda, xa que non é necesario levantarse para cambiar as placas. Permite axustar tamén a inclinación do respaldo, o que dá unha máxima adaptabilidade.
- Extensión cuádriceps (1 ud): máxima adaptabilidade á altura e constitución de cada usuario. Sistema de levas que mantén o brazo de forza cunha resistencia constante durante todo o percorrido. Esta mellora biomecánica evita un sobre-uso do órgano tendinoso de Golgi, controlador da tensión muscular.
- Femoral sentado (1 ud): permite traballar o conxunto dos isquiotibiais e os xemelgos e en profundidade. Os rodetes acolchados laterais permiten a suxeición dos ombreiros durante o exercicio. Desenvólvese un peso uniforme e mantén o brazo de forza cunha resistencia constante durante todo o percorrido.
- Abductores e aductores (1 ud): esta máquina dual permite facer un dobre exercicio na mesma máquina: traballa os músculos abductor e aductor xa que as almohadillas permiten un xiro de 360°. O ángulo de apertura en 7 posicións diferentes para cada perna, permite escoller a posición de inicio para escoller entre un exercicio de abducción ou adución.

OMBREIRO

- Press de ombros (1 ud): traballar os ombreiros posto que aseguran a boa traxectoria do movemento e fan máis difíciles as lesións. Ademais, os seus brazos están contrabalanceados, anulando así 0 peso da parte da estrutura que hai que mover, para levantar só o peso seleccionado coas placas. O seu asento é axustable e inclúe indicador numérico de posición.

4.4.- Multiestacións.

- Estación multi-funcional (1 ud): sistema modular que permite realizar todo tipo de exercicios nunha pequena área coa maior cantidade de usuarios posibles. Desta maneira, podemos ter moitos usuarios realizando todos os adestramentos ao mesmo tempo de maneira divertida, dinámica e variada. Guías de cromo duro e bujes que ofrecen un deslizamento silencioso e un mantemento mínimo. Estes



Concello
da Estrada



bujes son resistentes á fricción e as altas temperaturas. Alta resistencia de 5 mm y 6mm de espesor revestidos en cable de acero. Estructura de 4 mm de grosor con estrutura de aceiro ST-37/40 e placas de soporte de polea de 8 mm marco de aceiro de espesor.

- Xaula de sentadillas (1 ud): podese utilizar solo para realizar agachamentos ou en combinación con calquera programa de levantamento de pesas en banco. Soporte que se adaptará a distintas lonxitudes de barras. Estructura de 4 mm de espesor en aceiro calidad ST-37/40. Compoñentes de aceiro inoxidable. Diseño con estudio biomecánico. Soporte para barra en 5 alturas, así como soporte para discos na parte posterior.

4.5.- Peso libre.

BANCOS

- Banco olimpico horizontal (1 ud): o banco permite 3 posicións de adestramento para a barra, incrementando así a variedade do exercicio. O banco de axuda na parte posterior permite incorporar un instrutor de axuda que supervise o exercicio.
- Banco press inclinado (1 ud): o banco inclinado permite 3 posicións de adestramento para a barra e incrementar a variedade do exercicio. O banco de axuda na parte posterior posibilita a incorporación dun axudante durante a realización de exercicios avanzados.
- Banco multiposición (2 uds): Permite facer multitude de exercicios, dobre axuste do respaldo e asento como press con mancuernas en banco inclinado, curl de biceps alterno con supinación, etc.
- Banco biceps (1 ud): ten un ángulo de traballo especialmente deseñado para incidir no exercicio tanto do biceps braquial e braquial anterior. O seu asento regulable en altura facilita a adaptación a usuarios de calquera altura.

BARRAS

- Pesas de mans.
- Barra larga (3 ud).
- Barra para banco press (3 ud).
- Barra mediana (3 ud).
- Barra zeta (3 ud).

PESOS

- Soporte para pesas con conxunto de pesas de man de 1kg a 25kg e de 26kg a 44kg.
- Discos de peso de caucho:
 - 4 uds de 25 kg
 - 4 uds de 20 kg
 - 4 uds de 15 kg
 - 10 uds de 10 kg
 - 6 uds de 5 kg
 - 4 uds de 2,5 kg
 - 4 uds de 1,25 kg

4.6.- Outros.

- Colchonetas (5 ud).
- Picas (10 ud).



Concello
da Estrada



- Fitball (3 ud)

5.- VALORACIÓN DAS OFERTAS

O Concello terá a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, ou declarar deserto o procedemento de adxudicación.

Para a selección do adxudicatario valoraranse, basicamente, as seguintes determinacións, realizándose de maneira independente para cada unha das mesmas.

A) OFERTA ECONOMICA: Ata 30 puntos. Corresponderalle a máxima puntuación á oferta máis económica, puntuándose as demais de xeito proporcional, de acordo coa seguinte fórmula:

PEC = oferta máis económica x 30/oferta do licitador.

B) Servizo post-venda e mantemento, 20 puntos.

C) Garantía, ata 10 puntos. Outorgarase a máxima puntuación ó maior prazo de garantía, partindo do ano fixado como obrigatorio nestes pregos. As demais ofertas puntuaranse proporcionalmente, de acordo coa seguinte fórmula:

PEC = oferta do licitador x 10/oferta mais vantaxosa.

D) Prazo de entrega, ata 10 puntos. Valorarase coa máxima puntuación á oferta que presente a maior redución en días do prazo de entrega fixado en 42 días. Outorgaráselle a máxima puntuación á oferta coa maior redución no número de días de prazo de entrega, valorándose as demais proporcionalmente de acordo coa seguinte fórmula:

PEC = oferta licitador (redución número de días) x 10/oferta mais vantaxosa.

E) CONDICIÓN TÉCNICAS: Ata 30 puntos, de acordo co establecido nos apartados seguintes:

- Calidade e prestacións técnicas dos elementos ofertados en referencia á descrición das súas características materiais e funcionais, ata un máximo de 20 puntos.
- Características técnicas dos elementos ofertados, para conseguir un equipamento integral do ximnasio que posibilite un maior rendemento para os usuarios, ata un máximo de 10 puntos.

En caso de empate na puntuación total entre dous ou máis licitadores este dirimirase a favor da empresa que teña unha maior porcentaxe de traballadores con discapacidade, sempre que este sexa superior ao 2 %; De persistir o empate resolverase en favor do contratista que obtivera máis puntuación no prezo, e de persistir o empate, resolverase o mesmo por sorteo.

Para ese efecto requirirase ás empresas afectadas a documentación pertinente, outorgándolles un prazo de cinco días para a súa achega.

O Organo de Contratación, previamente á adxudicación, poderá solicitar cuantos ditames e informes estime pertinentes.



Concello
da Estrada



6.- PROBAS E RECEPCIÓN

6.1- Probas

As probas a que se someterán os equipos serán as seguintes:

- Inspección visual e calidade superficial: Observacións de presentación e acabados dos distintos elementos, que deberá resultar satisfactorio.
- Comprobación de dimensións e cubicajes.
- Comprobación do funcionamento xeral do equipo.

6.2.- Recepción

A recepción, terá lugar unha vez finalizadas as probas no punto anterior.

Se os resultados son satisfactorios, o Concello dará por recibidos os equipos, comezando entón o prazo de garantía.

Se os equipos non se reciben, farase constar así no acta e daranse as instrucións precisas ao Adxudicatario, co fin de remediar os defectos observados, fixándose prazo para executalo, expirado o cal se fará un novo recoñecemento para a recepción. Se o Adxudicatario non cumprixe, declararase resolto o contrato con perda da fianza, a non ser que o Concello crea procedente concederlle un novo prazo que será improrrogable.

7.- RESPONSABILIDADES DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario estará obrigado a instalar os equipos no ximnasio, comprobando o Concello o perfecto estado de funcionamento dos diferentes equipos.

O material fornecido incluírá os catálogos de funcionamento necesarios para que os futuros usuarios da instalación poidan realizar os exercicios.

Todo o equipamento será dun material que permita unha rápida limpeza e un mantemento sinxelo.

Incluíranse as garantías dos fabricantes.

8.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN.-

De conformidade co orzamento en vigor, a contía a licitar será ata un máximo de:

- a).- Orzamento base: 79.752,07 €,
- b).- Cantidade correspondente ó I.V.E (21%): 16.747,93 €
- c).- Orzamento total execución contrata: 96.500,00 €

9.- PRAZO DE ENTREGA.-

O subministro deberá terse feito, tal e como consta nos pregos, no prazo máximo de 6 semanas (42 días) a contar dende a data sinalada no documento de formalización



Concello
da Estrada



contractual. Se no mesmo non se indicara nada, a data de comezo da prestación será precisamente á da formalización do contrato.

Documento asinado electronicamente á marxe